VALDOVIÑO
OBXECTIVO IGUALDADE

ESTRATEXIA DE PREVENCIÓN DE VIOLENCIAS MACHISTAS E FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, 2019-2023

Concello de VALDOVIÑO

VALDOVIÑO
OBXECTIVO IGUALDADE

CONCELLO DE VALDOVIÑO

Índice

Presentación **04**

1. Desigualdades de xénero e violencia machista **07**

2. Como elaboramos a estratexia **11**

3. Que pasa en Valdoviño? **15**

A nivel demográfico 16

A nivel laboral 17

Educación 19

Feminización da pobreza e benestar das mulleres 20

Conciliación e corresponsabilidade 21

Deportes, cultura e participación 21

Espazo público 23

Violencia machista 23

4. Que imos lograr coa Estratexia?.....27

A igualdade no modelo de goberno e xestión municipal.....28

Un modelo coeducativo para a intervención socio educativa, deportiva e cultural.....30

A saúde, o benestar e a participación en feminino 32

Acceso das mulleres aos recursos económicos e servizos públicos en igualdade de condicións.....34

Coidados, conciliación e corresponsabilidade.....35

Valdoviño libre de violencia machista.....37

Presentación

Como Concelleiras de Servizos Sociais é un pracer presentar a Estratexia de Prevención de Violencias Machistas e Fomento da Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Valdoviño, 2019-2023. Este documento ten a vontade de artellar novas apostas para fortalecer o traballo que se vén desenvolvendo dende o Concello en materia de prevención de violencias machistas e de fomento da igualdade.

Esta Estratexia deriva da necesidade de crear un marco social municipal que xire arredor da loita contra a violencia machista e as desigualdades de xénero. A súa elaboración comezou en abril e rematou en novembro de 2019, un traballo minucioso centrado no estudo da realidade social municipal e na análise das políticas municipais dende unha perspectiva de xénero. Partindo dunha diagnose social conseguimos deseñar novas medidas e accións que fortalecen políticas que xa estaban en marcha orientadas á promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

O traballo desenvolvido ten como eixos fundamentais a participación e a sensibilización. Nestes meses de traballo creamos diferentes espazos de debate e escoita da veciñanza. Dende a nosa maneira de facer política resulta imprescindible atender ás sensibilidades e opinións da veciñanza de Valdoviño para crear camiños polos que transitar. Así, queremos agradecer a todas as persoas que participaron destes espazos e traballaron coa vontade de converter a Valdoviño nun concello igualitario e libre de violencias machistas. Grazas a María do CRA; a Cristina, Ana e Tania do CPI de Atios; a Rosi do PAI; a Jesús da ANPA; a Sonia, Charo e Mercedes da Asociación de Mulleres Rurais; a Montse da Asociación Cáritas; e a Juan do Clube Deportivo Rosalía e do Centro

Cultural Rosalía. Igualmente queremos agradecer ás mulleres que ofrecestes o voso tempo e esforzo neste proceso: Tareixa, Montse, Paula, Elisa, Natalia, Teresa, Conchi e Eva.

A continuación podedes consultar a Estratexia de Prevención de Violencias Machistas e Fomento da Igualdade entre Mulleres e Homes que contempla medidas que atravesan a administración municipal e activan os medios, mecanismos e recursos necesarios para cumprir coas obrigas legais e incorpora a igualdade de xénero como un tema fundamental no día a día da axenda política municipal nos vindeiros catro anos.

Ana Belén Pérez Fernández
e Pilar Caamaño Vilela.

1 DESIGUALDADES DE XÉNERO E VIOLENCIA MACHISTA

1.1. Que é a violencia machista?

A violencia machista explica a relación de poder desigual implícita no **sistema patriarcal**, ao mesmo tempo que alude á violencia exercida contra as mulleres polo feito de selo. Trátase de calquera situación que inclúa ameazas, intimidacións, coaccións ou que teña como resultado o dano ou o sufrimento físico, sexual ou psicolóxico. Prodúcese tanto no ámbito público como no privado.

Entender as razóns que están detrás da violencia machista supón analizar os valores e normas que rexen a vida social, incluídas as relacións que se establecen entre mulleres e homes. En moitos casos, normalízanse situacións de discriminación, desigualdade e violencia que non deberan existir.

1.2. O escenario actual da desigualdade e a violencia machista

As desigualdades de xénero e a violencia machista son problemáticas que teñen carácter estrutural e afectan ao conxunto da nosa sociedade ao longo do planeta. Este panorama caracterízase por un mapa de desigualdades, discriminacións e violencias que se reproducen en diferentes aspectos das nosas vidas. Unha das cuestións que alimentan esta situación é a **división sexual do traballo**, é dicir, o proceso polo cal tradicionalmente se atribuíron habilidades, competencias, valores ou responsabilidades ás persoas polo seu sexo. Isto tradúcese nunha diferenciación de tarefas na organización social e na asignación dos traballos do ámbito privado e dos coidados ás mulleres, mentres que o traballo no ámbito público e, por tanto, recoñecido socialmente

e remunerado, se reserva aos homes. Esta situación segue a persistir nos nosos días e ten consecuencias visibles:

As mulleres seguen a desenvolver profesións en sectores máis vinculados cos coidados e asumen maioritariamente o traballo doméstico. Estes traballos teñen unha menor ou nula remuneración económica e non gozan de prestixio nin de recoñecemento social. Na actualidade as mulleres españolas dedican por día unha media de tres horas máis que os homes ás tarefas domésticas.

As mulleres que residen en zonas rurais experimentan trabas ás oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral. A nivel español, as mulleres do rural representan o 15 % da poboación. A discriminación salarial de xénero nestes contextos aumenta respecto á situación en zonas urbanas. As mulleres están sobrerrepresentadas en rangos salariais máis baixos, mentres que os homes se concentran nos máis altos.

A precariedade, a inestabilidade e as vidas laborais entrecortadas provocan situacións de maior vulnerabilidade e pobreza no caso das mulleres, especialmente das maiores, que son as que máis pensións non contributivas cobran.

O proceso educativo impulsado por distintos axentes -familia, escola, medios de comunicación… - segue a transmitir valores sexistas que limitan o libre desenvolvemento da personalidade das nenas e dos nenos nun clima de igualdade real. Se non atendemos a estes valores e condutas, ás veces moi sutís, seguiremos a reproducir e perpetuar as discriminacións por razón de xénero, así como situacións de violencia machista.

COMO ELABORAMOS A ESTRATEXIA ?

CONCILIAC.
CORRESPON.

FORTALECER FUNC.
SAF
EMERXENCIA SAF

CHARLAS
ASOCIACIÓNS.
(Dep. - Ling. Inclusiva...)

CONEXIÓN
PRACTICA DEPORTIVA
EDUC. AFECTIVA
SEXUAL - CORPO

EDUCACIÓN

- ESPAZOS DE XOGO INCLUSIVOS E IGUALITARIOS
- PREVENCIÓN DE VIOLENCIA MACHISTA
- EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL
- ORIENTACIÓN PROFESIONAL NON SEXISTA
- PREVENCIÓN DE ACOSO E BULLYING

Analizamos a realidade coas lentes violetas

O estudo da realidade atendendo ao xénero axúdanos a explicar as desigualdades entre homes e mulleres. Aplicar a mirada "violeta" permítenos evidenciar as relacións de poder que se establecen entre os sexos e se reproducen en todos os ámbitos das nosas vidas: no traballo, na familia, nas empresas, na saúde, na ciencia, na cultura, na arte, no deporte, no espazo público ou na participación social, entre outros. Deste modo, apostamos por mirar e entender o mundo e a vida asumindo esta problemática e comprometéndonos a tentar paliala dende as políticas municipais.

Escoitamos a veciñanza

Para construírmos esta estratexia tivemos en conta a información que nos brindan os números, mais tamén as necesidades, opinións, demandas e percepcións expresadas pola veciñanza de Valdoviño. Por iso, apostamos por establecer mecanismos participativos, porque pensamos que as persoas deben ser os motores das mudanzas sociais e que as políticas deben partir dos seus intereses e necesidades.

Creamos espazos de traballo coordinado

Esta Estratexia pretende posicionar a igualdade como un valor fundamental na axenda municipal, polo que é necesario que todas as áreas técnicas e políticas sexan aliadas e traballen da man a prol da igualdade e da erradicación das violencias machistas.



3 QUE PASA EN VALDOVIÑO ?

A continuación expoñemos os principais resultados das desigualdades de xénero e da violencia machista no contexto municipal. Esta análise dividiuse en varios eixos temáticos: demografía, mercado laboral, educación, benestar, deportes, cultura, participación, espazo público e violencia machista.

A nivel demográfico

Se atendemos aos datos oficiais de poboación prestando atención ao enfoque de xénero, atoparemos información que nos axudará a comprender as necesidades e problemáticas específicas de mulleres e homes en Valdoviño.

Envellecemento da poboación

54 ANOS
IDADE MEDIA

♂ **49,46 %**

♀ **51,46 %**

49,46 %
DA POBOACIÓN
ENTRE 80 E 84 ANOS

62,62 %
DA POBOACIÓN
MAIOR DE 85 ANOS

A natalidade descende

1 DESCENDENTE

30 ANOS
IDADE MEDIA
DE MATERNIDADE

Problemas engadidos

- **SOIDADE DA POBOACIÓN ENVELLECIDA**, nomeadamente das mulleres.
- **AS MULLERES DESENVOLVEN A MEIRANDE PARTE DOS TRABALLOS DE COIDADOS**, o que deriva nunha sobrecarga física, psicolóxica e emocional, así como nunha diminución da demanda de coidados para si mesmas.
- **A FALTA DE TEMPO PROPIO** das mulleres provoca dificultades á hora de acceder a servizos públicos, programas e actividades que favorecerían procesos de desenvolvemento persoal e mellora da calidade de vida.

A nivel laboral

Os coidados de crianzas e persoas dependentes seguen a ser un labor atribuído ás mulleres. Esta dedicación incide no nivel de renda e riqueza que obteñen en relación aos homes, que poden dedicarse en exclusiva ao desenvolvemento da súa carreira profesional. Así, a vida laboral das mulleres atopa atrancos en diferentes momentos da vida, como por exemplo durante a maternidade. Isto leva consigo uns niveis de cotización máis baixos, o que pon en risco a garantía dunha vida digna.

Mulleres e economía somerxida

Moitas mulleres traballan na economía somerxida, o que implica un menor nivel de cotización e, por tanto, un maior índice de pobreza no futuro.

♀ **50%** DA POBOACIÓN ACTIVA

45% AFILIACIÓNS Á S.S.

Temporalidade e parcialidade

Existe un maior grao de temporalidade e de parcialidade nos contratos das mulleres.

INTERINIDADE

2♀ POR CADA 1♂

40% CONTRATOS INDEFINIDOS

62% XORNADAS PARCIAIS

Segregación horizontal

A segregación horizontal é un fenómeno que se debe á clasificación androcéntrica do traballo e alude ás barreiras de xénero que aparecen á hora de acceder a determinados sectores profesionais.

73% SECTOR SERVIZOS

6% INDUSTRIA

1% CONSTRUCCIÓN

Máis desemprego feminino

Máis da metade das mulleres que están no desemprego levan máis dun ano nesta situación.

DEMANDANTES DE EMPREGO

15% ♂ 23% ♀

Fenda salarial

O feito de que as mulleres teñan empregos en sectores profesionais que teñen un salario menor, de que ocupen os niveis menores de cotización e de que teñan dificultades para chegar a postos de responsabilidade e decisión nas empresas ten como resultado unha fenda no salario medio que perciben en relación aos homes.

EN GALICIA, IGE 2017

4.000 € MENOS DE SALARIO MEDIO ANUAL

Mellora da conciliación e corresponsabilidade

Os horarios laborais actuais supoñen un obstáculo para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar. En moitas ocasións as nosas vidas están dominadas por xornadas laborais extensas que dificultan os coidados. Esta problemática afecta en maior medida ás mulleres, xa que habitualmente son elas as que asumen estas tarefas.

- Mellora da **flexibilidade e adaptación dos horarios laborais** para conciliar.
- Fortalecemento da **corresponsabilidade entre homes e mulleres** no reparto de coidados e das tarefas do fogar.

Educación

Traballo coordinado coa comunidade educativa

É importante continuar traballando co profesorado, o alumnado e as familias en diferentes temas:

- **Igualdade de xénero.**
- **Educación afectivo-sexual** e prevención das violencias machistas.
- **Prevención de condutas de acoso** e de bullying.
- **Orientación** profesional e académica **non sexista**.
- **Espazos coeducativos de traballo** compartido coas ANPAS e familias.

Feminización da pobreza e benestar

A división sexual do traballo supón a expropiación dos tempos propios das mulleres, pois na medida en que o seu tempo está ao servizo dos coidados doutras persoas, teñen máis dificultades para o autocoidado.

Dependencia e coidados

As mulleres teñen maiores niveis de discapacidade e un maior grao de dependencia, e por tanto, a súa demanda de coidados é maior.

É necesario revisar os servizos municipais de atención á dependencia, especialmente axilizar a solicitude do **Servizo de Axuda ao Fogar (SAF)** en casos de urxencia e incorporar novos equipamentos de atención á dependencia.

Fenda de xénero nas pensións

Elas cobran máis pensións non contributivas e as súas vidas laborais son máis precarias e entrecortadas. Estes factores diminúen o importe das súas pensións.

300 € - 400 €
MENOS NA PENSIÓN DAS MULLERES

Coidadoras e coidados

Habitualmente son as mulleres as que se fan cargo dos coidados doutras persoas (crianzas, persoas dependentes etc.). Os roles tradicionais de xénero están moi arraigados e isto resta valor a este tipo de traballos. Ademais, as mulleres non soen ser conscientes das súas propias necesidades. En moitas ocasións non demandan coidados para elas mesmas nin teñen tempo para coidarse.

Conciliación e corresponsabilidade

A organización e a xestión dos tempos é unha fonte de desigualdades entre mulleres e homes. É necesario que as administracións garantan a conciliación da vida persoal, laboral e profesional e promovan novos modelos de reparto de coidados no ámbito privado.

Pouca corresponsabilidade

Pouca corresponsabilidade entre homes e mulleres no reparto de coidados e no fogar. É necesario traballar cos homes para **construír novos modelos de masculinidade** non hexemónica..

Programación municipal

É necesaria a **revisión dos horarios da programación municipal** para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Elaboración dunha sondaxe

Existe a necesidade de elaborar unha sondaxe para valorar **como funcionan os servizos de conciliación municipais.**

Deportes, cultura e participación

Tradicionalmente as mulleres limitáronse a ocupar o espazo privado, mentres que o espazo público era propio dos homes. Esta cuestión segue viva no presente: as mulleres aínda teñen dificultades para dispoñer do seu tempo propio e asumir responsabilidades na vida pública.

Dificultades na conciliación

Os obstáculos para a conciliación entorpecen a participación das mulleres tanto no ámbito social como no cultural ou no deportivo

Práctica deportiva segregada por sexo

Os estereotipos de xénero están presentes no proceso educativo das crianzas. Segue a entenderse que hai prácticas deportivas para nenas, como por exemplo a patinaxe, e outras para nenos, como por exemplo o fútbol.

Menos mulleres que homes deportistas

Isto débese a varios factores: entre outros, a inexistencia de espazos, como por exemplo os vestiarios, separados por sexo ou a falta de clubs deportivos federados na maioría dos deportes.

A cultura como ferramenta de cambio

É necesario continuar coa programación cultural centrada na igualdade para visibilizar o papel da muller, crear conciencia de xénero ou previr as violencias machistas.

Menos mulleres en cargos de poder na vida asociativa

Hai menos presidencias exercidas por mulleres nas asociacións municipais, debido especialmente a dificultades derivadas da conciliación, a falta de tempo propio etc.

♂ **21 PRESIDENTES** ♀ **3 PRESIDENTAS**

Espazo público

A planificación do espazo –rúas, prazas, zonas verdes...– é fundamental para garantir o dereito á seguridade, á mobilidade e ao coidado da vida. Observar, analizar e deseñar as políticas urbanísticas dende unha perspectiva de xénero permite pensar no espazo público como un escenario onde desenvolver as necesidades relacionadas coa vida cotiá, tales como os coidados e as relacións entre as persoas.

As mulleres maiores do rural e o illamento

O illamento e a sensación de soidade das mulleres do rural derívanse de certas deficiencias de iluminación pública nalgúns puntos ou das súas dificultades de mobilidade.

Inseguridade no espazo público

A percepción de inseguridade por parte das mulleres provoca que a súa vida social e a súa participación sexan menores.

Violencia machista

A violencia contra as mulleres é a forma máis grave e directa en que se presentan as desigualdades de xénero. Trátase dun fenómeno universal, presente en todas as sociedades, e estrutural, presente no conxunto da organización social.

Cifras de feminicidios en Galicia e na provincia da Coruña

PROVINCIA DA CORUÑA

2018	2 MULLERES
2003 - 2018	22 MULLERES

GALICIA

2018	3 MULLERES
2003 - 2018	59 MULLERES

Cifras no partido xudicial

PARTIDO XUDICIAL (2018)

286
DENUNCIAS

141
ORDES DE PROTECCIÓN

Dificultades ante unha situación de violencia machista no contexto da parella

Falta de conciencia de estar a vivir unha situación de violencia machista. En moitas ocasións os comportamentos da parella non se identifican como maltrato.

Revitimización das mulleres, que adoitan ser xulgadas pola súa familia –que non comprende a situación–, a sociedade e as institucións. No marco institucional, a miúdo teñen que transitar por diferentes escenarios –Centro de Saúde, Xulgado, Garda Civil...– para acreditar a súa condición de vítima.

Trátase dun proceso de recuperación emocional moi complexo no cal entran en xogo moitas emocións que poden resultar paralizantes, como o medo, a culpa ou a vergoña.



4 QUE IMOS LOGRAR COA ESTRATEXIA?

A igualdade no modelo de goberno e xestión municipal

Aplicaremos a transversalidade de xénero na administración municipal, no que respecta á cultura organizacional, aos procedementos de traballo, á coordinación, á capacitación e á formación do persoal.

Compromiso político do Concello coa igualdade de xénero e a prevención das violencias machistas

- Aprobación desta Estratexia no pleno municipal.
- Dotación dos recursos necesarios para facer realidade os obxectivos e as medidas que se formulan no documento.
- Mostra de repulsa contra todo acto de violencia machista ou discriminación por razón de xénero a través de comunicados, declaracións e convocatorias de actos públicos.

Formación do persoal técnico e político en igualdade de xénero

- Formación e capacitación do persoal técnico e político en materia de prevención de violencias machistas e fomento da igualdade de xénero, en resposta á obrigatoriedade que marca a normativa autonómica.

Incorporación da igualdade de xénero como un valor fundamental no traballo cotián de todas as áreas técnicas

- Impulso da coordinación e a colaboración entre áreas técnicas e concellarías a través da creación dunha Comisión de Igualdade.
- Elaboración dun plan de comunicación non sexista a nivel municipal para non perpetuar valores machistas a través da imaxe e da linguaxe.
- Construción dun contexto laboral igualitario e libre de violencias machistas no Concello
- Elaboración dun protocolo de prevención e atención a situacións de acoso sexual e por razón de sexo a nivel laboral.
- Creación dun documento que recolla as accións en materia de conciliación da vida persoal, laboral e familiar para as traballadoras e traballadores do Concello.

Un modelo coeducativo para a intervención socioeducativa, deportiva e cultural

A educación é unha das ferramentas fundamentais para promover a igualdade e gozar dunha vida libre de violencia machista. Así, cremos na necesidade de seguir apostando pola educación en igualdade en coordinación con todos os axentes de Valdoviño.

Continuación do traballo coa infancia e a adolescencia

- Reforzo do programa coeducativo que se desenvolve nas aulas do CPI de Atios.

Creación dun plan de traballo coeducativo dirixido ás familias

- Revisión da intervención coas familias dende unha perspectiva de xénero grazas a incorporación de accións de sensibilización e de prevención de violencias machistas, prestando unha especial atención á participación dos homes.

Atención ao persoal que traballa no ámbito educativo, tanto a nivel escolar como sociocomunitario

- Creación dun programa de formación centrado na igualdade de xénero dirixido ao profesorado do PAI, do CRA, do CPI, ao monitorado e a todas as profesionais dos ámbitos socioeducativo, deportivo e cultural.

- Revisión de espazos de xogo dende unha perspectiva igualitaria e non sexista.
- Fortalecemento da dotación de recursos e materiais centrados na igualdade para os centros educativos e as familias.
- Reforzo do traballo de concienciación co tecido asociativo, deportivo e cultural fomentando accións como charlas e obradoiros en materia de igualdade de xénero.

Traballo na educación en igualdade dende o plano cultural

- Afianzamento da programación cultural centrada en igualdade de xénero e a prevención de violencias machistas.

A saúde, o benestar e a participación en feminino

Seguiremos a traballar para que as mulleres coñezan mellor a súa saúde dende un enfoque de xénero e para romper os estereotipos que dificultan o lecer e a participación social, comunitaria e deportiva das mulleres.

Aposta por unha liña de traballo centrada na educación en saúde e lecer con perspectiva de xénero

- Posta en marcha dunha liña de traballo centrada na prevención e a educación en saúde dirixida a mulleres.
- Reforzo da liña de traballo baseada no lecer e no desenvolvemento persoal e social das mulleres, especialmente das maiores, que sofren en maior medida o illamento e a soidade.

Fomento da práctica deportiva feminina dende idades temperás e na vida adulta

- Fortalecemento das accións que se centran na visibilización e no prestixio das traxectorias deportivas femininas.
- Organización de obradoiros dirixidos ao monitorado deportivo centrados en educación afectivo-sexual dende unha perspectiva de xénero.

- Revisión dos vestiarios das instalacións para favorecer o xogo dos equipos mixtos e así alentar a práctica deportiva feminina.

Apoio á participación das mulleres na vida asociativa e comunitaria con voz propia

- Creación dunha liña de traballo centrada no impulso do asociacionismo de mulleres e de colectivos feministas.

Acceso aos recursos económicos e aos servizos públicos en igualdade de condicións

Seguiremos avanzando para facilitar o acceso ao emprego das mulleres e para romper a división sexual do traballo e a desnaturalización dos traballos de coidados das mulleres. Tamén seguiremos apostando por medidas que reduzan os problemas de mobilidade das mulleres do rural.

Fomento da formación e inserción laboral das mulleres

- Deseño de liñas de formación para mellorar as capacidades e habilidades que se asocian coas profesións tradicionalmente masculinizadas, especialmente no caso das mulleres maiores.
- Fortalecemento das accións de inserción sociolaboral das mulleres, prestando especial atención á acreditación de competencias profesionais.
- Creación dun programa formativo dirixido a mulleres coidadoras, tratando de crear mecanismos para recoñecer a experiencia que xa teñen.

Redución dos problemas de mobilidade das mulleres

- Incorporación das demandas de mobilidade das mulleres do rural nos plans de transporte autonómicos que afectan ao concello de Valdoviño.

Coidados, conciliación e corresponsabilidade

Traballaremos para conseguir unha sociedade equitativa. Fomentaremos valores de corresponsabilidade e seguiremos apostando por medidas que faciliten a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Impulso dos valores de corresponsabilidade

- Posta en marcha de campañas de sensibilización e obradoiros dirixidos a mozos e homes para fomentar novos modelos de masculinidades.

Conciliación da vida familiar, persoal e laboral

- Desenvolvemento do Programa Concilia.
- Creación de estratexias para motivar que as empresas incorporen medidas para facilitar a conciliación, como campañas informativas ou un concurso para premiar as empresas igualitarias.
- Elaboración dun estudo sobre a adaptación dos horarios a nivel municipal e revisión das políticas de conciliación existentes para melloralas e adaptalas ás necesidades da cidadanía.

Reforzo dos servizos de coidados a nivel municipal

- Compromiso de revisar e adaptar os recursos do SAF en función das necesidades da poboación.
- Creación de proxectos de voluntariado interxeracional para fomentar un lecer compartido entre mulleres.

Visibilización dos traballos de coidados para darlles prestixio, valor e recoñecemento social

- Coordinación de campañas e materiais que visibilicen os coidados e a súa importancia nas nosas vidas.
- Desenvolvemento do programa de formación e intervención "Coidado á Coidadora".
- Revisión da planificación urbanística para priorizar os espazos de coidados e de lecer en comunidade.

Valdoviño libre de violencia machista

Redobraremos esforzos na loita contra a violencia machista. Seguiremos fomentando accións que se dirixan ao conxunto da comunidade en materia de prevención e sensibilización.

Coordinación de accións de sensibilización que cheguen a toda a veciñanza

- Divulgación dos recursos de atención e información en caso de vivir unha situación de violencia machista.
- Desenvolvemento de campañas de sensibilización e de loita contra as violencias machistas.

Prevención da violencia machista

- Creación de espazos de axuda mutua e apoderamento feminista coas mulleres do rural. O obxectivo é compartir saberes e experiencias para tomar conciencia do poder transformativo das mulleres á hora de superar situacións de discriminación ou violencia.
- Desenvolvemento de obradoiros dirixidos ás mulleres centrados en educación emocional, autocoidados, autoestima e autodefensa feminista.

Espazos seguros onde camiñar sen medo

- Revisión dos espazos públicos tendo en conta a percepción de inseguridade por parte das mulleres.


EDUCACIÓN
ESPAZOS DE XOGO INCLUSIVOS E IGUALITARIOS
PREVENCIÓN DE VIOLENCIA MACHISTA
EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL
ORIENTACIÓN PROFESIONAL NON SEXISTA
PREVENCIÓN DE ACOSO E BULLYING
FORMACIÓN IGUALDADE Profesiado / Alumn. Persoal adm.
PROTOCOLOS ACTUACIÓN (Educ.)
FAT/LIN. EDUC. IGUALDADE
PREVENCIÓN TIC.
CONVIVENCIA CRIANZAS PATRÓN SEXISTA
EDUCAC. PREVENCIÓN CONCILIACIÓN. ACOSO / BULLYING



VALLDOVIÑO
VILABOA
Término Municipal de San Saturnino
7603
5404
4905
Espatos
Inalienables
Locais Sociais

NOVEMBRO 2019

Asistencia técnica: Arabías S.Coop.Galega.

Deseño e maquetación: María Alvárez "Yupiyeyo".

Supervisión e coordinación técnica: Programa municipal de igualdade e prevención de violencias machistas "Somos e Contamos" do Departamento de Servizos Sociais.

Financia: Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad (Goberno de España), Pacto de Estado Contra a Violencia de Género, Concello de Valdoviño.

Pacto de Estado
contra la violencia de género

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
E IGUALDAD